

ran cachelos e asaran sardiñas para comer sobre o pan, cos dedos arregañados polas redes, uns dedos que habían conservar o rastro de saín de por vida.

Con moitos días coma este, pensa Margot, non quedará nada deste barrio. Estase desmoronando. Coma ela, que tamén se derrama por dentro nas lembranzas do pasado.

Mentres Margot confiaba en que a familia collera unha platea para asistir ao baile da Prensa con Chinto e deixar parva a toda a sociedade co ben que bailaban o tango, as amigas andaban ilusionadas cun novo proxecto deportivo.

Chegara María Antonina Sanxurxo do estranxeiro, onde ampliara estudos, e de onde trouxera a novidade dun novo deporte, o hockey. As mozas viguesas, que xa eran expertas no tenis, natación e remo, acolleron con entusiasmo este novo deporte.

Antonina, que tiña unha gran personalidade, soubo interesálas e poñer de moda en Vigo, e logo en toda Galicia, o hockey. Nunha conferencia que Tony, como lle chamaban familiarmente, pronunciou na “Sociedad Amigos del Arte”, dixó: “Para min sería o verdadeiro perfeccionamento da muller viguesa: moi estudiosa, moi deportiva e moi feminina. Coa participación nos deportes desaparecen moitos prexuízos sociais. Non hai cursis nin elegantes, aristócratas ou plebeios, senón simplemente educación e bos ou malos deportistas.”

Na conferencia quedaban expresados os impulsos democráticos e deportivos da Sanxurxo. Para esta muller que foi profesora en New York, amante da música e concertista, o cultivo do intelecto ía parello co do corpo, e o deporte non debía restar feminidade e beleza ás mulleres que o practicaban. No caso daquelas rapazas viguesas non había dúbida. Belezas como Gloria Tapias ou Emilia Docet, que foi Miss España, dan boa conta diso. Con elas iniciábase a moda do hockey. De seguida comezaron os traballos nos campos de entramento e

formáronse tres equipos femininos: O Atlántida Hockey Club, presidido por Tony Sanxurxo, o Vigo Hockey Club de Club de Campo e o Club Vértice. Os homes non quixeron quedar atrás e tamén formaron os seus equipos.

A avoa de Chelo protestou. ¡Cómo! non abundaba co que xogábades que ten que vir o hockey con eses paos tan grandes, que se vos dades nunha perna con eles... Iso é o que van aprender no estranxeiro as señoritas viguesas. Se trouxeran a afición teatral... criticaba a cubana.

—Para iso xa temos ao Reisiño —responde a neta— co teatro Martín Codax. Ben o pasache cando fomos ver “O divino Impaciente” co Pepito Seoane de primeiro actor.

—¡Bah! Iso é un niño de...

—¿De que? —saltaron as rapazas.

—De curas —disimula a avoa—. Quero dicir que é un teatro parroquial.

—O único cura é O Reisiño, o director.

—É un teatro de amateurs. O Reisiño ten afición pero quere atender demasiadas cousas e ten moitos cargos. Así non se pode. Ao teatro hai que dedicarlle a vida —dicía entusiasmada a avoa.

—Tamén ao deporte se lle pode dedicar a vida —responde Almita que xa daquela parecía intuír que tiña que entregar a vida por algo—. Pero non se preocupe. Non é ese o noso caso —dicía con aquela voz branca como a camisa que levaba debaixo do pullover deportivo.

Para tranquilizar á avoa de Chelo decidiron levar unha tarde a Antonina a merendar. De seguida conquistou á cubana coa súa intelixencia e cultura. Falaron entusiasmadas de América, de teatro, de música. Non fixo falta moita insistencia para que Toni se sentase ao piano.

Nese momento, cando a velada era máis amena, anunciaron unha visita que a avoa se apresurou a recibir.